

# 1º CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA



*nóvoa*

**1856** CENTENARIO DO  
BANQUETE DE CONXO **1956**

*HISTORICA ESPRESION DEMOCRATICA DO POBO GALEGO*

**PROGRAMA DOS ACTOS**

# HIMNO GALEGO

Letra de PONDAL

Música de P. VEIGA

*AIRE MARCIAL*

PIANO

Qué din os rumorosos,  
Na costa verdecente,  
Ao raxo transparente  
Do praciado luar,  
Qué din as outas copás  
D'escuro arume arpado  
C'o seu ben compasado  
Monótono fugar?

—“Do teu verdor cinguido  
E de benignos astros  
Confín dos verdes castros  
E valeroso chan,  
Non des a esquecemento,  
Da inxuria o rudo encono;  
Desperta de teu sono  
Fogar de Breogan.

“Os bós e xenerosos  
A nosa voz entenden,  
E con arroubo atenden  
O noso ronco son,  
Máis soo os inorantes,  
E féridos e duros,  
Imbéciles e escuros  
Non nos entenden, non.

“Os tempos son chegados  
Dos bardos das edades  
Que as vosas vaguedades  
Cumprido fin terán:  
Pois donde quer xigante  
A nosa voz pregoa  
A redenzón da boa  
Nazón de Breogan”.

EDUARDO PONDAL.

COMISION ORGAIZADORA DO PRIMEIRO  
CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA

|                               |     |                        |
|-------------------------------|-----|------------------------|
| Presidente . . . . .          | don | Manoel Puente          |
| Vice-presidente . . . . .     | „   | Perfecto López         |
| Segretario Xeral . . . . .    | „   | Francisco Regueira     |
| pro-Segred. Xeral . . . . .   | „   | Xosé S. Neira-Vilas    |
| Segred. de Orgaiz. . . . .    | „   | Xosé B. Abraira        |
| pro Segr. de Orgaiz. . . . .  | „   | Antón Suárez do Pazo   |
| Segretario de Actas . . . . . | „   | Francisco Pazos        |
| Tesoureiro . . . . .          | „   | Antón Alonso Pérez     |
| pro-Tesoureiro . . . . .      | „   | Manoel Martínez Lamela |
| Vocaes . . . . .              | „   | Segundo Pampillón      |
|                               | „   | Xosé Alfonso Reboreda  |
|                               | „   | Rodolfo Prada,         |
|                               | „   | Cándido Rey            |
|                               | „   | Antonio Díaz           |
|                               | „   | Valeriano Saco         |

O CENTENARIO DO MENTADO BANQUETE  
DE CONXO E O SEU PRECURSOR SIÑIFICA-  
DO NA HISTORIA POLITICA, SOCIAL E  
CULTURAL DE GALIZA

*O Banquete de Conxo, baixo cuio siño se fai o CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA, foi un dos primeiros aitos de fonda repercusión na historia do Rexurdimento galego, que, como se sabe, comenzou con pulos e propósitos claros e definidos, ao promediar a centuria XIX.*

*O historiógrafo Francisco Lanza, no seu notable libro "Dos mil nombres gallegos", refírese d'este xeito ao dito Banquete: "Aito público efectuado o día 6 de Marzal do 1856 (derradeiramente se comprobou que a data exacta é a do 2 do mesmo mes) na parroquia de Santa María de Conxo achegada a Sant-Iago. Foi orgaizado pol-os estudantes da Universidade en honor da crase traballadora e pra consagrar ideas democráticas. Asistiron un patrón e dous obreiros de cada oficio, e autuaron de camareros os universitarios, que, para facer máis sinñificativo o simbolismo, vestían de frac. Entre os estudantes figuraban Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, que botaron brindis de tonos exaltados que a Audencia da Cruña considerou como revolucionarios. Procesados Pondal e Aguirre, soio por mór da oposición do fiscal de Sant-Iago, poideron librarse de seren deportados ás insuas Marianas, pois ren menos que esa era a penalidade que se pedía pra íles. O Banquete de Conxo, pol-o seu sinñificado, e pol-as derivacións xudiciaes que tuvo, foi moi comentado na prensa de Hespaña; e nos anaes políticos de Galiza, figura como a primeira manifestación das loitas sociaes do noso tempo".*

*N'esta apremada noticia que tomamos de Lanza, fica non oustante, ben sinalado un dos acontecementos sociaes, políticos e patrióticos do século derradeiro máis transcendentaes da nosa Terra.*

*Entendéndoo así, o Consello de Galiza, na sua obriga de manter aceso o sentimento patriótico da galeguidade, tuvo a felis idea de que se fixera un dino celebración do centenario do dito Banquete, e que acadara ampritude continental coa intervención das coleitividades de galegos emigrados en América en fraternal xuntanza.*

# 1856 - BANQUETE DE CONXO - 1956 - 1.º Congreso da Emigración Galega

En Buenos Aires do 21 ao 31 de Xulio de 1956 - PROGRAMA XENERAL - Xulio de 1956

## DIA 21

As 21,30 hs. — **Asistencia** dos delegados das co leitividades galegas de Chile, Montevideo e do Interior, ao acto artístico arxentino-galego no Teatro Colón orgaizado polo Centro Gallego de Buenos Aires en conmemoración do **DIA DE GALICIA**.

## DIA 22

As 22 hs. — **Recebimento** no Aeroporto de Ezeiza dos delegados das co leitividades galegas de: EE. UU. - CUBA - MEXICO e VENEZUELA.

## DIA 23

— **Visitas** das delegacións aos Exmos. Señores Presidente e Vice-Presidente da República, ao Señor Intendente da Municipalidad da Cibdá de Buenos Aires, a institucións e xornaes.

## DIA 24

As 16 hs. — **Sesión Preparatoria** no Centro Orensano (Belgrano Nº 2186). Eleición das autoridades e comisións do Congreso.

As 21,30 hs. — **Acto no Centro Orensano:**

- 1º Hino Galego, pola Coral "Terra Nosa" dirixida polo mestre **D. José Antonio Gallo**.
- 2º Verbas limiares polo segredario da entidade **D. Valeriano Saco**.
- 3º Verbas de **D. Roxelio Rodríguez de Bretaña**, delegado de México.
- 4º Conferencia encol do tema "Ideas económicas de Alexandre Bóveda", polo **Dr. Xerardo Alvarez Gallego**, delegado da Habana.

## DIA 25 — DIA DE GALICIA

As 10 hs. — **Homenaxe a CASTELAO** no Panteón do Centro Gallego (Cimiterio da Chacarita). Verbas do **Dr. Ramón Suárez Picallo**.

As 17 hs. — **Homenaxe a ROSALIA** diante da súa estatua no Centro Gallego de Buenos Aires (Belgrano Nº 2199). Verbas do **Dr. Xerardo Alvarez Gallego**, delegado da Habana.

As 21,30 hs. — **SESION INAUGURAL** do Congreso no Salón-Teatro da rua Solís Nº 475; co seguinte orde:

- 1º Hino Nazonal Arxentino.
- 2º Hino Galego.
- 3º Verbas limiares polo Presidente da Comisión Orgaizadora do Congreso, **D. Manuel Puente**.
- 4º Verbas polo Presidente do Congreso.

5º Disertacións polos delegados:

De Montevideo: **D. Xohan Martínez Castro**.

„ México: **Marcial Fernández**.

„ Cuba: **Dr. Xerardo Alvarez Gallego**.

„ Nova York: **Dr. Emilio González López**.

Zarrará o acto o **Dr. Ramón Suárez Picallo**, membro do Consello de Galicia.

## DIA 26

As 21,30 hs. — **Acto no Centro Pontevedrés** (Sarandí Nº 847):

1º Hino Galego.

2º Verbas limiares polo segredario da entidade **D. Vicente Velasco**.

3º Verbas de **D. Xohan Martínez Castro**, delegado de Montevideo.

4º Conferencia polo **Dr. Emilio González López**, delegado de Nova York.

## DIA 27

As 18,30 hs. — **Asistencia ao Acto Cultural** orgaizado polo Centro Gallego de Bs. Aires na súa Sé Social (Belgrano Nº 2199), no cal disertarán os Delegados ao Congreso Sres. **Dr. Emilio González López**, **Dr. Luis Tobío Fernández** e **Dr. Xerardo Alvarez Gallego**.

## DIA 28

As 17 hs. — **Sesión de Crausura do Congreso** no Centro Pontevedrés (Sarandí Nº 847). Consideración dos informes das Comisións encarregadas do estudo das poñencias.

## DIA 29

As 10 hs. — **Homenaxe** ao esgrevio prócer arxentino **D. BERNARDINO RIVADAVIA**, no cenotafio da Plaza Miserere (ex-Plaza Once). Orador: **Dr. Ramón Suárez Picallo**.

As 12,30 hs. — **Gran Banquete** — Lembradoiro do hestórico Banquete de Conxo—, no Pazo "Galicia" do Centro Lucense, en Olivos (F.C.N.G.M.) e en honor das delegacións ao Congreso.

## DIA 31

As 19 hs. — **Acto académico** encol da Lingua Galega na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires (Viamonte Nº 430). Oradores:

**Dr. Ramón Suárez Picallo**, Delegado de Chile.

**Srta. Julieta Gómez Paz**, escritora arxentina.

**Dr. Arturo Capdevila**, da Academia de Letras da Arxentina.

**Prof. Fritz Krüger**, Director do Instituto de Lingüística da Universidade de Cuyo.

**Dr. Xerardo Alvarez Gallego**, Delegado da Habana.